

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 3 SOCORRISTAS

1. OBXECTO

Seleccionar, mediante proceso selectivo, a 3 socorristas de praias para a participación no programa de “Servizo de Seguridade, Vixilancia e Salvamento de Praias” ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria correspondente á orde do 12 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, (DOG núm. 8, do 11 de xaneiro), e convócanse as axudas para o ano 2018.

2. MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS

O modelo de contrato de traballo que se utilizará será o de contrato de traballo temporal, coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

A duración dos contratos será dun máximo de 2 mensualidades. O contrato será a xornada completa.

3. REQUISITOS MÍNIMOS

* Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estaren dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

* Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.

* Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.

* Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).

* Calquera das titulacións que habilitan para a inscrición no rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia, segundo os decretos 104/2012 do 16 de marzo, e 35/2017 do 30 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o *Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia*.

* Persoas aspirantes inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

* Coñecemento do galego: CELGA 2 ou equivalente.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN

O punto 1 do artigo 14 da antedita orde de convocatoria do programa, establece que os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos, e polos ou polas que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estaren dispoñibles para o emprego. Para tal fin, o punto 3 do mesmo artigo da dita orde establece a obrigatoriedade para as entidades beneficiarias de presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego nos modelos normalizados para o efecto; será a dita oficina a que proporcione a relación de persoas candidatas.

Aínda así, está entidade publicará no seu taboleiro de anuncios e no seu sitio web

(concelloderianxo.gal) tanto o inicio do proceso de selección como a orde de convocatoria da subvención pola que se rexe o proceso e o resto dos trámites do dito procedemento.

1ª FASE. Proba práctica que terá carácter eliminatorio e constará de dúas partes:

R.C.P. segundo protocolo actual: o resultado será APTA ou NON APTA

As persoas aspirantes que resulten non aptas non poderán continuar no proceso de selección.

Natación e socorrismo: puntuación máxima de 10 puntos.

A proba versará sobre:

- Entrada na auga sen perder de vista á persoa accidentada.
- Natación de aproximación (25 m), sen perder de vista á persoa accidentada.
- Simulación de remolque (25 m) á persoa accidentada inconsciente.

Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos; o mellor tempo marcará o 10 e a partir desa marca, cada 5 segundos de demora, restarase un punto.

2ª FASE. Concurso de méritos:

- Experiencia laboral en socorrismo: 0,15 puntos por mes ata un máximo de 1,50 puntos
- Cursos de socorrismo 1,50 puntos
- Cursos relacionados cos primeiros auxilios 1,50 puntos
- Outros cursos relacionados co socorrismo 1,00 punto
- Título de Patrón de Embarcacións de Recreo 1,50 puntos
- Coñecemento do Galego: CELGA 3, equivalente ou superior 1,00 punto

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado será de 6 puntos.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da realización da proba escrita.

NOTAS:

a) O apartado de experiencia valorarase coa presentación dos contratos de traballo e o Informe de vida laboral. No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado, emitido pola administración contratante, do tempo traballado na categoría correspondente.

b) O apartado de formación valorarase coa presentación dos orixinais ou fotocopias dos títulos ou certificacións dos méritos alegados.

3ª FASE. Proba escrita: ata 6 puntos

Realización dunha proba escrita de coñecementos xerais sobre o posto que se vai desempeñar.

4ª FASE. Proba práctica de coñecemento do galego (este exercicio será valorado como APTO ou NON APTO)

O exercicio consistirá en manter unha conversa en galego na que a persoa aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega. O tempo mínimo para a realización de dita proba será de 3 minutos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto.

A actuación das persoas candidatas levarase a cabo por orde alfabética segundo o establecido no sorteo publicado na resolución do 17 de xaneiro de 2018 da Consellería de Facenda, e que establece, para o presente ano, empezar por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "G".

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental desta para os efectos oportunos.

Estarán exentos de realizar este exercicio as/os aspirantes que acrediten, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas, que posúen o Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

5ª FASE. Entrevista curricular: ata 2 puntos

A entrevista estará dirixida a valorar aptitudes, actitudes, habilidades, valores, coñecementos, etc., da persoa aspirante en relación co posto de traballo que aspira a cubrir e o obxecto do programa.

5. SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

O Tribunal, que será designado por resolución da Alcaldía, estará formado como prescribe o artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, e efectuará a selección conforme se describe no punto cuarto destas bases.

As persoas que integran o tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, a persoa que exerza a presidencia e secretaría, ou quen legalmente a substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, como na demais normativa de aplicación.

Rematado o proceso de selección o Tribunal relacionará as aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá á lista obtida ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

Unha vez que se realice á contratación das aspirantes, serán requiridos para que previamente acheguen a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para acceder ao posto de traballo, presentarán declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade en relación ás tarefas que deberá realizar, e acreditarán a súa condición de persoas desempregadas, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo ata a finalización do que reste do programa de contratación, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc. utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición.
- b) Maior puntuación na puntuación total do concurso.
- c) No caso de persistir o empate terán preferencia as mulleres, por tratarse dun sector con subrepresentación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.
- d) En último lugar, resolverase mediante sorteo público.

6. CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

7. INTERPRETACIÓN DAS BASES

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Aquelas persoas aspirantes que sexan chamadas e dean a súa conformidade á contratación terán que presentar a seguinte documentación xunto cos orixinais, no prazo máximo de tres días hábiles contados a partir do día en que manifesten a conformidade:

- a) Fotocopia cotexada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- b) Fotocopia cotexada dos requisitos e méritos alegados.
- c) Inscripción no rexistro profesional de socorristas de Galicia.

A persoa que non presente a documentación no prazo indicado, salvo os casos de forza maior ou cando se deduza que carece dalgún dos requisitos mínimos establecidos, non poderá ser contratada e será excluída da lista.

No caso de que a documentación non presentada se refira a méritos baremables na fase de concurso, reducirase a puntuación correspondente e, de ser o caso, modificarase a súa situación na listaxe.

9. IMPUGNACIÓN

A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se os días de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fosen festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

Rianxo, xuño de 2018

O alcalde

Adolfo Muíños Sánchez